



24 de setembro de 2021

Estimadas familias:

O primeiro de todo, queremos darvos a benvida e desexarvos un bo comezo de curso 2021-2022.

O pasado ano caracterizouse pola necesidade de adaptación ás medidas establecidas polas autoridades sanitarias, e en consecuencia polos protocolos necesarios establecidos pola Dirección do centro. Este curso comezará do mesmo xeito, sendo preciso acadar as instrucións tanto a nivel autonómico como do propio colexio para poder realizar unha proposta de actividades axeitadas e seguras para os vosos fillos e fillas.

No presente curso deberemos continuar respectando as burbullas estables de convivencia dentro da nosa oferta de Actividades Culturais, pola seguridade de todas e todos. Sabemos que os protocolos poderán verse afectados no transcurso do curso según o avance da pandemia e os niveis de incidencia en cada momento, pero partimos da situación actual desexando que sólo veñan melloras con respecto ao Covid.

Isto quere dicir que a nosa proposta cultural para este próximo curso será bastante similar á do ano pasado, sobre todo no horario asignado no mediodía, para aquelas nenas e nenos que fagan uso do servizo de comedor. Unha vez máis apostaremos por ofrecer variedade de actividades e así satisfacer os gustos e inquietudes de todo o alumnado, facendo rotacións periódicas nas que os nosos educadores e educadoras irán achegando as súas especialidades polas distintas aulas.

Este ano o centro terá a sorte de poder impartir actividades deportivas dende o comezo de curso, polo que a nosa oferta de actividades está coordinada co Club para favorecer así a posibilidade de combinar distintos tipos de actividades se así se desexa.

A nosa proposta inclúe os venres como poderedes observar, inda que levar a cabo calquera actividade sempre estará suxeito ao número de inscricións que recibamos de cada grupo-clase, e valorando así a viabilidade de cada grupo.

O horario para as actividades culturais rotativas de mediodía a partires de outubro será o seguinte:

1º E.P. - 14:30 a 15:30. Venres actividade ás 13:30 e saída ás 14:30 (porta 3).

2º E.P. - 14:30 a 15:30. Venres saída 15:30 (porta 3).

3º E.P. - 14:30 a 15:30. Venres saída 15:30 (porta 5).

4º E.P. - 14:30 a 15:30. Venres saída 15:30 (porta 5).

As actividades que os grupos realizarán segundo o ciclo formativo ao que pertencen son:



1º e 2º de Educación Primaria

- TEATRO E TEATRO MUSICAL.

As clases consisten na combinación de interpretación, canto e movemento. A técnica vocal, o ritmo, a improvisación musical e teatral, coordinación e desinhibición forman os pilares da actividade.

Tamén traballaremos a concentración e a confianza nun mesmo/a e nas demais persoas.

- CULTURARTE.

Trátase dunha proposta educativa de parte do profesorado da EMCM que engloba diferentes manifestacións artísticas dende unha perspectiva lúdica, de forma que incentiven o gusto e o interese pola multitude de formas artísticas que compoñen o noso mundo.

As sesións serán variadas e terán como pilar fundamental o xogo.

- MANUALIDADES, PINTURA E DEBUXO.

Co noso taller de Manualidades buscamos fomentar a creatividade no alumnado e dar liberdade á súa imaxinación. Levaremos a cabo actividades plásticas divertidas e adaptadas ás idades de cada grupo estable.

O taller está pensado para desenvolver destrezas como o debuxo e a pintura que mellorarán a súa concentración e a paciencia, aumentando así o seu autoestima e a confianza nun mesmo/a.

- ¡XOQUEMOS!

Esta actividade busca promover os xogos tradicionais nun marco actual, adaptados as necesidades tanto de espazo como materiais que se poden empregar nos nosos días. A idea é que, dun xeito indirecto e divertido, os nenos e nenas traballen diferentes aspectos do seu desenvolvemento.

Con estas sesións buscaremos fomentar unha actitude positiva ante os xogos que non dependan de tecnoloxías ou outros elementos, favorecer a cooperación e o respecto, creando así un ambiente divertido e variado.

- ROBÓTICA.

A asignatura de Robótica viuse moi afectada pola situación que estamos a vivir, xa que a fabricación de robots de Lego non se poderá realizar debido á imposibilidade de compartir material.

Por elo, adaptamos a programación para o presente curso, basándonos en tres contidos base:

Por un lado a programación para iniciados e avanzados, incluíndo resolución de problemas e programación de videoxogos. Por outro a introducción ao deseño de pezas en 3D e creación de circuitos en simuladores virtuais. Por último os vídeos temáticos e debates sobre aspectos tecnolóxicos e éticos da robótica.



- LABORATORIO DE CREATIVIDADE.

Nel traballaremos a positividade, a autoestima e o respecto. Para elo plantexaremos debates, faremos manualidades con materiais reciclados, obras de teatro creadas por e para os alumnos/as de cada grupo estable e diferentes actividades que axuden a desenvolver a súa capacidade de expresión.

3º e 4º de Educación Primaria

- XADREZ.

Esta materia traballará partes do xadrez particularmente útiles “fóra dos taboleiros”, como por exemplo a toma de decisións premeditadas e razoadas, extrapolables do xadrez a calquer aspecto da súa vida.

Así adaptaremos esta ensinanza aos distintos gustos e intereses dun mesmo grupo estable. Por iso tenderemos a deixar o aspecto competitivo nun segundo plano, para basarnos na colaboración para a resolución de problemas.

- PERIODISTAS.

O seu obxectivo é, coma sempre, a creación dun periódico completo con todas as súas seccións, entrevistas, pasatempos, ilustracións, etc. Así os alumnos e alumnas aprenderán xogando nun lugar no que eles e elas son plenamente protagonistas.

- TALLER DE ARQUITECTURA.

O seu obxectivo principal e introducir aos nenos e nenas no mundo da arquitectura e do oficio do arquitecto, tanto na súa disciplina artística como no coñecemento do mundo que nos rodea.

Aprenderán nocións básicas sobre materiais, xeometría, escala, vivenda e o entorno das cidades, co fin de debater e imaxinar o noso espazo ideal que, mediante debuxos e maquetas, iremos construíndo.

- CULTURARTE.

Trátase dunha proposta educativa de parte do profesorado da EMCM que engloba diferentes manifestacións artísticas dende unha perspectiva lúdica, de forma que incentiven o gusto e o interese pola multitude de formas artísticas que compoñen o noso mundo.

As sesións serán variadas e terán como pilar fundamental o xogo.



- **ROBÓTICA.**

A asignatura de Robótica viuse moi afectada pola situación que estamos a vivir, xa que a fabricación de robots de Lego non se poderá realizar debido á imposibilidade de compartir material. Por elo, adaptamos a programación para o presente curso, basándonos en tres contidos base:

- Programación para iniciados e avanzados, resolución de problemas e programación de videoxogos.
- Introducción ao diseño de pezas en 3D e creación de circuitos en simuladores virtuais.
- Vídeos temáticos e debates sobre aspectos tecnolóxicos e éticos da robótica.

- **MULTICULTURAS.**

A través dun prisma multicultural, esta actividade pretende explotar a aprendizaxe do alumnado tocando diversos aspectos sobre os costumes e as culturas do mundo, como poden ser a súa música, os idiomas e vocabularios, lendas, etc. Deste xeito lograremos empregar e reforzar o aprendido nas aulas, además de aumentar os seus coñecementos.

Así mesmo, as dinámicas centraranse en apoiar a educación en valores dos nenos e nenas dos grupos, onde se fomentará a empatía, o traballo en equipo e o respecto.

Os **prezos** das actividades serán os seguintes:

1 día: 10€/mes.

2 días: 20€/mes.

3 días: 30€/mes.

4 días: 38€/mes.

5 días: 42€/mes.

Este ano teremos a sorte de poder contar coa actividade de **BALLET** para os cursos de 1º a 4º de Primaria. Debido á necesidade de ofertar nos cursos de 3º e 4º maior variedade de actividades para o mediodía fixemos un **pequeno cambio con respecto á circular enviada a semana pasada,**

Os horarios que puidemos adaptar segundo a dispoñibilidade dos espazos son os que mostramos a continuación, así como os prezos de cada curso:

1º EP: Venres de 14:30 a 15:30.

2º EP: Venres de 15:30 a 16:30.

Prezo da actividade: 10€/mes.

3º EP: Luns e mércores de 13:30 a 14:30.

4º EP: Martes e xoves de 13:30 a 14:30.

Prezo da actividade: 20€/mes.



AMPA COMPAÑÍA DE MARÍA
Avda. Calvo Sotelo 2-4-6, 15004 La Coruña
www.ampaciamaria.com
contacto: cultura@ampaciamaria.com

Esperamos que atopedes a nosa proposta cultural atractiva e interesante para os vosos fillos e fillas, así como que eles e ellas disfruten aprendendo con nós.

A formación dos grupos para actividades, especialmente as dos venres, estarán suxeitas ao número de inscricións que recibamos.

A actividade de **INGLÉS** presenta os seus horarios e prezos ao final da presente circular.

Pinchando [aquí](#) accededes ao formulario onde poderedes realizar as vosas inscricións, tanto para as actividades do mediodía como para as tardes, así como para a actividade de Inglés.

Tamén gustaríanos que nos comuniquedes calquera observación ou singularidade que consideredes oportuna sobre os vosos fillos e fillas para que, tanto a coordinación das actividades coma os docentes que as imparten, poidamos proporcionarlles a mellor atención posible.

Quedamos a vosa disposición para calquera dúbida ou comentario que nos queirades trasladar no correo cultura@ampaciamaria.com

Grazas pola vosa confianza unha vez máis.

Un cordial saúdo,

COMISIÓN DE CULTURA AMPA COMPAÑÍA DE MARÍA



INGLÉS

Grupos de Educación Infantil y Primaria: Grupos burbuja por clases. Un mínimo de 6 niños de cada clase necesario para abrir grupo.

ENGLISH PLAYTIME

5ª E. Infantil: martes y jueves: 13:30 a 14:30

6º E. Infantil: lunes y miércoles: 13:30 a 14:30

CAMBRIDGE YOUNG LEARNERS (STARTERS y MOVERS A1)

1º E. Primaria: martes y jueves 13:30 a 14:30

2º E. Primaria: lunes y miércoles 13:30 a 14:30

3º E. Primaria: martes y jueves 17:30 a 18:30

13:30 a 14_30

4º E. Primaria: lunes y miércoles 17:30 a 18:30

13:30 a 14_30

CAMBRIDGE FLYERS & KEY ENGLISH TEST (KET A2)

5º/6º Primaria: lunes y miércoles 14:50 a 15:50

5º/6º Primaria: miércoles y viernes 14:50 a 15:50

CAMBRIDGE KET & PET (PRELIMINARY ENGLISH TEST B1)

1º/2º ESO: miércoles y viernes 14:50-15:50

1º/2º ESO: martes y jueves 14:50 a 15:50

CAMBRIDGE PET & FIRST (B2)

3º/4º ESO: martes y jueves 14:50-15:50

CAMBRIDGE FIRST & ADVANCED (C1)

1º/2º BACH: martes y viernes 14:50 a 15:50

COSTE ACTIVIDAD:

INFANTIL y PRIMARIA - 48€/MES

ESO y BACH – 58€/MES